

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR HERMANOS QUIROGA
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA CASTELÁ
DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Ler en voz alta e mentalmente diferentes textos de carácter infantil.	Le en voz alta con pronunciación e entoación, e comprende textos sinxelos próximos a súa experiencia infantil.
Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e empregar a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	Identifica o tema dun texto sinxelo.
Producir textos sinxelos según un modelo con diferentes formatos (descriptivos, narrativos, dialogados) aplicando as regras ortográficas do nivel e o coidado na presentación.	Escribe con axuda en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa, respetando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, receitas... Presenta os traballos con caligrafía clara e limpeza.
Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz. Utilizar o punto e a maiúscula correctamente.	Fai uso dos signos de puntuación e das normas ortográficas propias do nivel aplicándoas á escritura de textos sinxelos.
Reproducir as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	Utiliza sinónimos, antónimos e palabras polisémicas na expresión oral e escrita.
Utilizar e aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, categorías gramaticais, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza de forma guiada categorías gramaticais básicas: nome, determinante, adxetivo e verbo.
Desevolver as destrezas lingüísticas formando palabras novas. Identificar palabras que pertencen a mesma familia.	Forma palabras a partir de outras e, recoñece e identifica as que pertencen a mesma familiade palabras.
Consolidar o concepto de sílaba. Identificar o nome das palabras a partir do seu número de sílabas.	Recoñece e identifica as sílabas como partes nas que se divide unha palabra.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Envío dun boletín de actividades aos alumnos onde poden atopar os exercicios e recursos interactivos de apoio.
Cualificación final	A cualificación final obterase a partir da media das cualificacións do primeiro e segundo trimestre. Se o alumnado fai todo o traballo da materia proposto, a nota final poderá subir ata un punto.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	A proposta de actividades é a seguinte: - Ler e interpretar pequenos textos. - Inventar e producir pequenas composicións escritas. - escoitar audios ou contos sinxelos para a súa comprensión. - Empregar punto e maiúscula cando se precise. - Identificar e formar familias de palabras. - Realizar dictados. - Copiar na libreta exercicios ou pequenos textos. - Traballar a gramática a partir de recursos interactivos. - Recoñecer as sílabas que forman as palabras.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Moitas das actividades propostas realízanse en papel. Todo o alumnado ten libretas para copialas e facelas. Algunhas son actividades para facer pola casa con recursos caseiros. Outras son actividades interactivas de reforzo para facer no ordenador, tablet ou teléfono.
Materiais e recursos	As actividades propostas realízanse en papel e con recursos caseiros. Tamén hai actividades interactivas de reforzo para ordenador, tablet ou teléfono.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias e publicidade	O alumnado será informado a través do medio que cada familia decidiu e contando sempre con todos os permisos oportunos. Este medio pode ser e-mail ou whatsapp. Dende o centro se publicitará toda a información referente ao terceiro trimestre por diversos medios así como por notificacións a través do sistema de ABALAR MÓBIL. En moitos casos o titor contactará directaente coas familias para comunicarlles a información que considere oportuna en fución da situación académica do seu fillo, esta comunicación será por correo electrónico ou a través de chamadas telefónicas.